

O GRAN BUSTER

Peter Bogdanovich, 2018

571

ESTREA EN NUMAX: 02.08.2019 | V.O.S.E. | TP

The Great Buster (2018, 102')

Dirección: Peter Bogdanovich

Guión: Peter Bogdanovich

Participación: Buster Keaton, Mel Brooks, Dick Cavett, James Curtis, Paul Dooley, Bill Hader, Bill Irwin, James Karen, Nick Kroll, Ben Mankiewicz, Carl Reiner, Cybill Shepherd

Son: David Barnaby, Dan Snow, Alex Weiss

Música: Drew DeAscentis, Chris Robertson

Fotografía: Dustin Pearlman

Produtora: Cohen Media Group (EEUU)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Lío en Broadway, 2014

Esa cosa llamada amor, 1993

¡Qué ruína de función!, 1992

Máscara, 1985

¿Qué me pasa doctor?, 1972

La última película, 1971

Dirigido por John Ford, 1971

SINOPSE

Celebración da vida e a obra de Buster Keaton, o grande artista da era dourada da comedia muda en Hollywood xunto con Charles Chaplin. A influencia das súas obras mestras como *El héroe del río* (1928), *El maquinista de la General* (1926) ou *O moderno Sherlock Holmes* (1924) van alén da comedia e exténdense por toda a historia do cinema até a actualidade. Documental escrito e dirixido polo cineasta Peter Bogdanovich (*La última película*) que conta coa participación de cómicos como Mel Brooks, Bill Hader ou Richard Lewis.

«Bogdanovich resulta ser o home perfecto para este traballo, mesturando enxeño seco e unha capacidade de asombro xenuína. Brillante e emocionante.»

Chris Nashawaty,
ENTERTAINMENT WEEKLY



“Buster Keaton sempre foi para min o máis interesante dos cómicos mudos”

Entrevista con Peter Bogdanovich

O gran Buster anunciouse no Festival de Cannes en 2017. Como aconteceu?

Charles Cohen, a quen coñezo un pouco, preguntoume se estaba interesado na realización duns documentais sobre Buster Keaton e Douglas Fairbanks. Axiña lle dixen que si e que debíamos comezar por Keaton. Así de simple.

As súas entrevistas con grandes cineastas son o patrón polo que outros se comparan, por exemplo o seu documental de 1971 *Dirigido por John Ford*, un retrato transcendental do cineasta. Que foi o que o inspirou de Buster Keaton para que se embarcase no seu segundo filme sobre un realizador?

Sempre admirei a Buster Keaton. Para min foi sempre o máis interesante dos cómicos mudos. Sempre lamentei non ter podido coñecelo. Hai dúas persoas que lamento non ter coñecido: Keaton e Noel Coward. Tiven ocasión de atoparme con ambos e trabuqueime, non pensei que fosen morrer tan axiña. Buster tivo unha vida fascinante e un don sorprendente para a comedia.

Como empeza un a abordar un labor tan monumental como a creación dun retrato de cen minutos sobre un artista lendario? Ao longo dos anos, lin moito sobre el, e relín a súa autobiografía de 1961, *My Wonderful World of Slapstick*. Tamén lin certa cantidade de entrevistas con el; logo entrevistamos un bo número de persoas. Fixen algún documentais e teño unha regra de ouro: cando realizas algo narrativo, escribes o filme e logo róddalo; cando fas un documental, róddalo e logo escribelo, porque non sabes o que tes.

No filme hai preto de dúas dúcias de entrevistados, desde Mel Brooks, Quentin Tarantino e Johnny Knoxville a Werner Herzog, Bill Hader e Dick Van Dyke. Tentamos ter unha mostra tan ampla como fose posíbel de cineastas, actores e amigos. Admiradores, expertos e outros nos que Keaton influíu ou que sentisen algo especial por el. Houbo xente que tentamos que intervise pero non foi posíbel, como Johnny Depp e Jackie Chan, cuxo traballo o converte nunha caste de moderno Buster.

En certo momento, Tarantino fala sobre como o uso da cámara de Keaton era tan importante como o seu material, e sobre certos chistes que funcionaban debido á colocación e uso da cámara. Completamente. O seu dominio da cámara contribuíu a realizar os filmes tan modernos como os sentía. Á cámara de Chaplin sempre lle faltou brillo. Alguén lle dixo: «O teu traballo coa cámara non é moi interesante, Charlie». Ao que el respondeu: «Non ten por que

selo, eu son o interesante». Pero Buster era interesante por ambas cousas, sabía onde poñer a cámara e sempre aparecía efectivo diante dela.

O fondo de filmes restaurados de Keaton ao que tivesches acceso inclúe os seus últimos traballos, como a curta con Samuel Becket *Film* (1965), a serie canadense ou os filmes de praia. Esta foi a época menos popular e máis triste da súa carreira. Certo, pero non os traballou con tristura. Non foron bos tempos para Buster, nada comparábel cos triunfos doutros tempos, pero non foi desafiado. Creo que superou ben eses anos pero o certo é que non podía facer os seus propios filmes. Así é Hollywood.

Publicado en image.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Peter Bogdanovich (Nova York, 1939) é fillo de emigrantes xudeus que fuxiron dos nazis. Desde novo amósase como un cinéfilo voraz e un crítico consumado para revistas como *Esquire*. Nos anos 70 iniciase na realización facendo parte do coñecido como *Novo Hollywood*, da man de autores como Friedkin, Coppola, De Palma ou Cimino. Entre a súa prolífica obra de ficción destaca a extraordinaria *La última película* (1971), gañadora de 2 Oscars, *¿Qué me pasa doctor?* (1972) ou *Luna de papel* (1973) e no documental o revelador *Dirigido por John Ford* (1971).

NA LIBRARÍA NUMAX

Buster Keaton - Todos sus cortometrajes (1917-1929). Lobster Films [BluRay / DVD]
Film, Samuel Becket. Tusquets, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax